



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Expte. N° 06/19-P

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 28 de marzo de 2019
Hora: 20:00
Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1°.- Aprobación da acta da sesión anterior (5/2019-P).-
- 2°.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2P/2019.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 3°.- Informes e comunicacións.-
- 4°.- Mocións.-
- 5°.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario, Emilio Seijo Frías.-



NÚMERO 5/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, sen escusar a súa ausencia, o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores.-

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións nº 3/2019, de 31 de xaneiro, e nº 4/2019, de 11 de febreiro.-

2º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1P/2019.-

O sr. Alcalde dá conta do expediente nº 1P/2019 de recoñecemento extraxudicial de créditos polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 239.731,96.- euros, ditaminado favorablemente pola Comisión informativa Xeral.-

Maniféstanse a favor do ditame os voceiros dos grupos BNG, PDSP e PSOE. Polo grupo PP intervén o sr. Anido, que anuncia a abstención do seu grupo. O sr. Alcalde intervén a favor do ditame.-

Sometido a votación o ditame da Comisión, apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete abstencións do grupo PP, o seguinte acordo:

Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 239.731,96.- euros.-

3º.- Emenda da aprobación do Plan provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2019”.-

O sr. Alcalde expón o ditame favorable da Comisión Xeral emitido sobre a emenda da solicitude xeral de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobada no Pleno en sesión de data 19-12-2018, con motivo dun erro derivado da anualidade de imputación do financiamento de pago a provedores e orzamento dunha obra incluída no PAI, así como de deficiencias en proxectos, que non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.-

Debatido o asunto con intervención de D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Emilio Gómez López e o sr. Alcalde a favor do ditame, e D^a. Raquel Bolaño Fariñas e D. Ernesto Anido Varela que anuncian a abstención dos seus grupos, sométese a votación o asunto, resultando aprobado por maioría, con sete votos a favor, dos grupos Sadamaioría, PDSP e BNG, e nove abstencións dos grupos PP e PSOE, o seguinte acordo:

1º.- Participar no Plan provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial de A Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2019, achega provincial 2018 e préstamo provincial 2019:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	28222,37	8374,53	36596,90
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	28.222,37	8.374,53	36.596,90

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	29000
Subtotal gasto corrente	29000

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento



Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Distribución auga Osedo-O Castro, DP 7502	67955,40	0	67955,40
Mantemento e conservación de fachadas e cuberta e mellora eficiencia enerxética edificio OMX	50901,69	0	50901,69
Mellora pavimento Cº Peroureiro e punto limpo Vilar	61323,47	0	61323,47
Substitución redes principais, as súas acometidas, e paviment. rúa Lugrís Freire e en dous tramos da beirarrúa Avda Mariña	88777,01	0	88777,01
Subtotal investimentos achega provincial 2019	268957,57	0	268957,57
ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)		Financiamento do investimento	
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento pavimentos e instalacións rúas Fontán	119389,30	20889,19	140278,49
Renovación de servizos no Tarabelo	94077,71	20000,00	114077,71
Subtotal investimentos achega provincial 2018	213467,01	40889,19	254356,20
PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019		Financiamento do investimento	
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Reposición de pavimentos de beirarrúas e calzada do acceso ao Polígono Sada-Cambre	158.458,05	0	158.458,05
Pavimentación do Cº dos Agrelas, entre Pazos e Souto, parroquia de Carnoedo	40576,65	0	40576,65
Subtotal investimentos préstamo prov. 2019	199034,70	0	199034,70

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 que se relacionan nestas táboas, emendando deficiencias nos seguintes proxectos, que non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica aprobada en Pleno de 19-12-2018:

- Mantemento e conservación de fachadas e cuberta e mellora eficiencia enerxética edificio OMX
- Distribución auga entre Osedo e O Castro DP7502
- Renovación de servizos no Tarabelo

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	36596,90		36596,90
	Achega 2019	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	29000		29000
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	268957,57	0	268957,57
	Achega 2018	213467,01	40889,19	254356,20
	Préstamo 2019	199034,70	0	199034,70
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0		0
TOTAL	Achega 2019	297957,57	0	297957,57
	Achega 2018	250063,91	40889,19	290953,10
	Préstamo 2019	199034,70	0	199034,70
	TOTAL	747056,18	40889,19	787945,37

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican, aprobando o correspondente proxecto redactado por D. Alejandro Peña López, de L2 Ingeniería, deixando sen efecto o redactado polo Enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto, unha vez emendadas as deficiencias sinaladas polo servizo de asistencia a municipios da Deputación:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Remodelación do parque infantil Urbanización das Brañas, Sada	218.404,03



TOTAIS	218.404,03
--------	------------

3º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

4º.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.-

5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

7º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.-

4º.- Contratación por procedemento aberto dos servizos de Conservación e mantemento de Xardíns e zonas verdes.-

O sr. Alcalde somete ao Pleno o expediente tramitado para a contratación por procedemento aberto dos servizos de “Conservación e mantemento de Xardíns e zonas verdes”, que se fundamenta na carencia de medios propios do Concello para a prestación destes servizos e a inconveniencia de adquirilos por resultar antieconómico, no que constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas redactados ao efecto, nos que se determina o obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir, así como os informes sobre axuste ás disposicións de aplicación e demais documentación preceptiva.-

Aberto o debate tras dar o sr. Alcalde conta do ditame favorable da Comisión informativa Xeral, a sra. García Freire propón como emenda que se aprobe o expediente en Xunta de Goberno cun prazo de execución dun ano, dicindo que noutro caso o seu grupo votará en contra. A instancia da Alcaldía o sr. Secretario informa que a proposta mencionada non ten a natureza dunha emenda, senón dunha iniciativa que implica o rexeitamento deste expediente de contratación e a elaboración doutro novo e distinto.-

Debatido o asunto con intervención de D. Xosé Lois Suárez Becerra, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, D. Francisco José Montouto Pérez, Dª. María José García Freire e do sr. Alcalde, sométese a votación o ditame da Comisión, que é rexeitado por maioría de nove votos dos grupos PSOE e PP en contra do mesmo e sete votos dos grupos Sadamaioría, PDSP e BNG a favor do ditame.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 28-1-2019 a 22-2-2019.-

O sr. Anido pregunta ao sr. Alcalde se non dá conta dunha sentenza sobre expropiación de terreos. O sr. Alcalde o invita a dicilo no punto de rogos e preguntas.-

6º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

6.1º.- Moción do grupo BNG sobre o 8 de marzo.-

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG en apoio das reivindicacións do día 8 de marzo, xustificando a urxencia da moción na proximidade da data desta conmemoración.-

Declarada por maioría a urxencia da moción, con nove votos a favor e sete abstencións do grupo PP, a sra. Reimúndez procede á súa exposición.-

Interveñen no debate do asunto Dª. Isabel Reimundez Suárez, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, Dª. Zeltia Natividade García Ben, Dª. María Soraya Salorio Porral e o sr. Alcalde.-

Efectuada a votación, resulta estimada a moción por nove votos a favor e sete votos en contra, do grupo PP, quedando adoptado o seguinte acordo:

1º.- Manifestar o recoñecemento e apoio á convocatoria de mobilización para o 8 de marzo ás 19:30 h na Praza de San Roque de Sada. E apoiar ás diferentes convocatorias de mobilizacións en todo o país e de folga de mulleres.-

2º.- Manifestar a desaprobación da Xunta de Galiza por ter actuado de forma incorrecta vulnerando o dereito fundamental de folga diante do pasado 8 de marzo de 2018 e non ter impulsado unha rectificación das súas políticas, que contribúen á permanencia da desigualdade.-



3º.- Manifestar o compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización do ventres de aluguer.-

6.2º.- Moción do grupo PP para a convocatoria das prazas vacantes de Policía Local.-

O sr. Anido xustifica a urxencia da moción do grupo PP sobre convocatoria das prazas vacantes de Policía Local na necesidade de cobertura de ditas prazas. Declarada por maioría a urxencia da moción, con once votos a favor, catro en contra e unha abstención, o sr. Anido efectúa a súa exposición.-

Interveñen no debate do asunto Dª. Isabel Reimundez Suárez e o sr. Alcalde, en contra da moción, e Dª. Raquel Bolaño Fariñas e D. Ernesto Anido Varela, a favor da mesma.-

Rematado o debate e tras informar o sr. Secretario da conveniencia de modificar a redacción do acordo a adoptar no sentido de instar á Alcaldía, por ser este órgano o titular da competencia para a convocatoria de procesos selectivos, o sr. Alcalde somete o asunto a votación, resultando a moción aprobada por dez votos a favor dos grupos PP e PSOE e seis en contra dos restantes grupos, quedando adoptado o seguinte acordo:

Instar á Alcaldía a convocar de forma urxente as prazas vacantes de Policía Local dentro do cadro de persoal municipal.-

6.3º.- Moción do grupo PSOE sobre acondicionamento da praia “As Delicias” como praia accesible.-

A sra. Bolaño xustifica a urxencia da moción do grupo PSOE sobre acondicionamento da praia “As Delicias” como praia accesible na necesidade de facer accesible esta praia ante a proximidade do verán.-

— Sae da sala de sesións o sr. Anido sendo as 22:30 horas.-

O sr. Alcalde somete a votación a declaración de urxencia da moción, que é aprobada por maioría, con dez votos a favor dos grupos PP, PSOE e BNG, e cinco votos en contra.-

— Reincorpórase á sesión o sr. Anido, no curso do debate.-

Ábrese debate no que interveñen Dª. Isabel Reimundez Suárez, D. Francisco José Montouto Pérez, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, D. Ernesto Anido Varela e o sr. Alcalde. O sr. Montouto propón unha emenda de substitución para instar ao sr. Alcalde a que estableza as liñas de traballo entre o Concello e a Demarcación de Costas co obxecto de analizar a intervención integral no bordo litoral de Sada e, en segundo lugar, instar ao Goberno do Estado a acelerar a avaliación e aprobación dos proxectos para mellora da praia de Sada.-

Rematado o debate e efectuada a votación, resulta desestimada a emenda do grupo Sadamaioría por catro votos a favor deste grupo, unha abstención do grupo PDSP e once votos en contra dos restantes grupos; resulta igualmente desestimada a moción por catro votos a favor dos grupos PSOE e BNG, unha abstención do grupo PDSP e once votos en contra dos restantes grupos.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez pregunta cantas adjudicacións por procedemento negociado sen publicidade fixo o sr. Anido cando era alcalde, se invitaba sempre ás mesmas empresas e que baixas obtiña, información que desexa ter por escrito para o estudo da depuración de posible responsabilidade penal.-

A sra. Pardo fai as seguintes preguntas e rogos:

- 1) Pregunta se o sr. Alcalde vai contestar as preguntas da sesión anterior.-
- 2) Pregunta por que hai dúas propostas de gasto autorizadas para unha mesma obra detrás do hotel.-
- 3) Pregunta, en relación cunha moción presentada no pleno anterior, respecto do que aprecia como distintas velocidades na tramitación das licitacións de obras e servizos.-
- 4) Pregunta cando vai ser tramitado o expediente de contratación da asistencia técnica á Casa da Cultura.-
- 5) Roga acceso ao proxecto de accesibilidade á praia das Delicias para amosarllo ao sr. Anido.-

A sra. Bolaño fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Reitera unha pregunta xa efectuada na sesión ordinaria anterior con relación a unha viaxe programada á neve; respóndelle a sra. García Ben que ten a información na caixa de correos; a sra. Bolaño di que prefiren ter a información no correo electrónico e que nesa viaxe á neve non hai cláusulas sociais, nin bases, nin sistema de sorteo, nin prezo público, nin proposta de gasto.-
- 2) Pregunta polo espazo que teñen solicitado para o grupo socialista e para o que di que aínda non obtiveron resposta ningunha.-
- 3) Pregunta para cando han traer o orzamento a aprobación.-
- 4) Roga que se tomen medidas de seguridade pola existencia dun poste do subministro eléctrico caído despois da primeira entrada en dirección a Carmoedo, requirindo á empresa para a súa reparación.-
- 5) Roga que se habilite un paso para os peóns durante as obras que se están a executar na avenida da República Arxentina, xa que están a transitar pola estrada debido á instalación dos valados de traballo.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Pregunta por que non deu conta ao Pleno o sr. Alcalde dunha recente sentenza do Tribunal Supremo pola que rexeita un recurso de casación sobre unha sentenza contra o Concello que vai custar cerca dun millón trescentos mil euros máis os xuros por unha expropiación de terreos en Mondego onde se instalaron unha escola infantil e un centro de día; contestan o sr. Montouto que se trata dunha providencia pola que se inadmite a casación,



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

explicando os detalles dese procedemento e que están en estudo as medidas a adoptar; a sra. Reimúndez di que se pagou o que estableceron os técnicos; o sr. Anido anuncia que han convocar un Pleno extraordinario para explicar este asunto.-

— Auséntase da sesión o sr. Gómez, sendo as 11:31 horas, durante a exposición de rogos e preguntas por parte do sr. Anido.-

2) Pregunta que facía un tractor do Concello en mans dunha empresa privada para beneficio propio, polo que xa preguntara no mes de xaneiro e non se lle contestou.-

3) Pregunta que facía o Concello no Tarabelo arranxando os desperfectos ocasionados por unha promotora, polo que tamén xa preguntara no mes de xaneiro e que tampouco fora contestada.-

4) Roga que se lles faciliten os informes que teñen solicitado e que non se lles deron aínda, entre eles o das “trampillas” e o informe do Náutico.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e trinta e tres minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html